



Orde do día 21 de novembro de 2005.

Ó abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco ós/as Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno Local que terá lugar o día **21 de novembro de 2005, ás 10:00 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de acta de sesión anterior.
- 2.- Solicitudes de licencias de obras.
- 3.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.
- 4.- Proposta da Concelleira Delegada de Reforma Administrativa relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación do subministro de servidores blade para a cabina existente no centro de proceso de datos do Concello.
- 5.- Proposta da Concelleira Delegada de Reforma Administrativa relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación do subministro e instalación dunha cabina de discos para o centro de proceso de datos do Concello.
- 6.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do POS 2006 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.
- 7.- Proposta dos Concelleiros Delegados de Deportes e Educación relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación do servizo de desenvolvemento do programa NADALXOGO 2005.
- 8.- Proposta da Concelleira Delegada de Reforma Administrativa relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación da ampliación do módulo LIM de telefonía no edificio do Concello Vello na Praza de Cervantes.



Orde do día 21 de novembro de 2005.

9.- Proposta do Concelleiro Delegado de Cultura relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do subministro de instrumentos para a banda municipal de música.

10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda relativa á adxudicación do subministro de 10.000 litros de gasóleo de calefacción para o Pazo de Raxoi.

11.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á adxudicación dunha asistencia técnica para o desenvolvemento da actividade "Intervención con familias en procesos de separación e divorcio".

12.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á adxudicación dunha asistencia técnica para a realización do concurso de I+C do comercio de Santiago.

13.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á adxudicación dunha asistencia técnica para o deseño, realización e produción do Certame de Escaparatismo para o comercio de Santiago.

14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á solicitude de ocupación de terreos non incorporados á Xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20). Amanecida.

15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico relativa á adxudicación do subministro e instalación de sinais nas rúas San Fiz, Ameas, Rodrigo de Padrón e outras.

16.- Proposta da Concelleira Delegada da Muller relativa á contratación da impartición dun curso preparatorio das probas para a obtención do graduado en educación secundaria.

17.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa á adxudicación do subministro de mobiliario para a oficina de Rehabilitación do Concello

18.- Proposta da Concelleira Delegada de Reforma Administrativa en relación co subministro de material de oficina consumible para o Concello de Santiago.



Orde do día 21 de novembro de 2005.

19.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación para a coordinación e dinamización dos espazos de lectura e xogo, dinamización a través de talleres e animación de aulas e espazos integrados na rede sociocultural municipal.

20.- Propostas dos Concelleiros Delegados de Deportes e Cultura relativas á concesión de subvencións a diversas entidades.

21.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á Liquidación de contas do programa "Escola de Verán 2005".

22.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do orzamento do espectáculo " O laberinto dos soños".

23.- Informe relativo á execución do festival internacional de curtametraxes "Curtocircuito 2005".

24.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á concesión de axudas escolares 2005/2006 a 64 familias.

25.- Dar conta pola Concelleira Delegada de Educación da sinatura do Convenio entre o Concello e a Xunta de Galicia para obras de acondicionamento e equipamento para local de ensaios de música.

26.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación da Addenda ao Convenio de cooperación entre o Concello e a Xunta de Galicia para a execución das obras dun pavillón polideportivo en Pontepedriña.

27.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á aprobación da 3ª Prórroga ao Convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia e o Concello para implantación dun dispositivo de integración global para persoas desfavorecidas residentes no termo municipal, en execución de determinadas accións do 1º Plan galego de inclusión social.



Orde do día 21 de novembro de 2005.

28.- Aprobación das Bases para a selección de alumnos e persoal do obradoiro de emprego "Enerxías renovables", e nomeamento das persoas que constituirán o grupo de traballo mixto.

29.- Dar conta de corrección de erro nos puntos 16 e 23 da sesión de 5 de agosto de 2005, relativos a asuntos en materia de contratación.

30.- Propostas da Alcaldía relativas á representación e defensa xudiciais.

31.- Dar conta de Autos e Sentenzas xudiciais.

32.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

33.- Correspondencia.

34.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2005

O Primeiro Tenente de Alcalde

Asdo: Néstor Rego Candamil